

HENRIQUE RABUÑAL

1962

Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago, Escritor e Profesor de Lingua e Literatura. É autor dos poemarios *Paixom e morte dum condenado*, *Poemas da luz e da loucura* e *O tempo demorado nos marmelos*. Como narrador editou *Epistolário em catro tempos* e *A fariña das boras*. Como dramaturgo deuse a coñecer con *A noite das noites* (estreada en 1988) á cal seguiron *Oratio mare/O cântico de Orfeu*, *Desesperados*, *Maternidade*, *Do goberno bipartito á autovía funeral* (estreada en 1992), *Amléth*, *voz e verbo* e *Mumias no país de Luzetro*.

No universo do ensaio e a investigación a súa obra, espaxada en libros e revistas, é voluminosa no atinente ao estudio da cultura, da lingua, da literatura e do teatro galegos. É autor ademais dos volumes *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)*, *Manuel Murguía, A Coruña na historia*, *Manuel Martínez Murguía*, *Manuel Murguía e Arteixo*, *Jenaro Marinbas del Valle, a vida escura*, *O Padre Sarmiento: arquivo da lingua e cronista da patria* e editor dos libros *Relatos*, *Airadas de palabras*, *Tecendo panos* e *Paisaxes con palabras* que recollen obras dos premiados no Certame M. Murguía de Narrativa dos que é Coordinador. Con Fernández Costas publicou *Rafael Dieste: a franqueza e o mistério* e tres guías de lectura do *Códice calixtino* de Luz Pozo, de *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín e de *Ilustrísima* de Carlos Casares.

Autor dunha edición de *O marinheiro* de Pessoa, e doutra de *La primera luz* de Murguía, Henrique Rabuñal ten colaborado nos libros *O fenómeno literario nos países lusófonos*, *Fogo cruzado*, *Muralla de Crescórnio*, *Mátria da Palavra*, *Novo do trinque*, *Volver a Murguía*, *Congreso sobre Manuel Murguía* así como nas *Actas dos Congressos Internacionais da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*.



# CANTIGAS D'ESCARNHO E DE MAL DIZER

dos cancioneros  
medievais  
galego-portugueses

EDIÇÃO CRÍTICA E VOCABULÁRIO

PROF. M. RODRIGUES LAPA

JSC

*Foi no s. XX cando a difusión dos cancioneros medievais acadou unha velocidade e frecuencia tais que explicarán a aparición do neotrovadorismo e aínda haberá que agardar á data de 1965 para termos unha edición das Cantigas de Escarnio e Maldizer.*



# MARTÍN SARMIENTO

## DESCUBRIDOR

## E CRONISTA

## DA LITERATURA GALEGA

Henrique Rabuñal

### I

A figura certamente excepcional de Martín Sarmiento (1695-1772) enche sen dúbida o século XVIII galego e español. Foron tan bastos os seus coñecementos e tan múltiples as súas curiosidades intelectuais que poucos persoeiros da nosa historia cultural teñen tan merecido o rótulo de sabio. Foi Sarmiento un precursor de disciplinas científicas hoxe moi desenvolvidas pero na súa época só intuídas e presentidas polo seu xenio precursor. Noutros traballos deste número de *Raigame* o lector achará información sobre eses seus saberes polo que nós consagraremos estas páxinas, obviamente tamén de homenaxe, a vindicar a condición de Sarmiento como descubridor e cronista dunha literatura, a nosa, que no seu tempo estaba en radical decadencia, decadencia agravada mesmo pola decisión do bieito de deixar inédita a práctica totalidade da súa obra.

### II

A descuberta e paulatina difusión dos nosos cancioneros medievais constitúe un dos elementos decisivos da nosa cultura contemporánea. Foi no século XX cando esa difusión acadou unha velocidade e frecuencia tais que explicarán a aparición do neotrova-

dorismo e aínda haberá que agardar á data de 1965 para termos unha edición das *Cantigas de Escarnio e Maldizer*. Manuel Murguía, Oviedo y Arce, López Aydillo, Amor Meilán ou Carré Aldao, Cotarelo Valledor, Xulián Magariños ou Filgueira Valverde participaron nesa divulgación que Viqueira, Bouza, Cunqueiro ou Álvarez Blázquez converteron en nova literatura galega. Antes ca eles, no XIX, xa Antonio de la Iglesia ou Vesteiro Torres calibraran a grandeza dunha poesía culta e refinada que establecía un dignísimo pasado para unha literatura que encaraba o seu rexurdimento.

Martín Sarmiento, un dos intelectuais mellor formados e informados no seu século, xa cumprira 30 anos cando sente o abraio e a emoción de ler unha parte fundamental daquela lírica medieval, en concreto as *Cantigas de Santa María*, as mesmas que había editar esplendidamente Walter Mettmann. O aglaio incrementouse ao constatar que todo un rei de Castela fora tamén un escritor en galego. “Un Rey de Castilla -diranos Sarmiento nun escrito-, de León, de Sevilla, etc. Tan docto y sabio, hazer versos en lengua gallega? No se puede creer?” A descuberta produciuse en 1726 cando



*Bouza Brey  
e Cunqueiro  
vistos por Seoane.*



**“Manuel Murguía, Oviedo y Arce, López Aydillo, Amor Meilán ou Carré Aldao, Cotarelo Valledor, Xulián Magariños ou Filgueira Valverde participaron nesa divulgación que Viqueira, Bouza, Cunqueiro ou Álvarez Blázquez converteron en nova literatura galega”**

Sarmiento pasa quince meses en Toledo catalogando, co P. Fr. Diego Necaloeta, o arquivo e a biblioteca catedralicias consultando un dos códices que conteñen as Cantigas marianas e con elas a correspondente notación musical e unhas valiosísimas e inconclusas ilustracións que fan do códice toledano unha verdadeira xoia aos ollos dun bibliófilo e bibliógrafo da categoría do noso protagonista.

### III

Sarmiento busca máis testemuños que consoliden a súa sospeita de que Galiza tivera no pasado unha próspera literatura e vains achar cando teña acceso á Carta que o Marqués de Santillana redixe en 1441 ao Condestable de Portugal don Pedro. Nesa carta, O Marqués de Santillana confirmalle ao noso monxe que ata había pouco tempo os trobadores, aínda sendo casteláns, andaluces ou extremeños, escribían os seus poemas en “lengua gallega, o portuguesa”. O Marqués tiña visto na casa da súa avoa un volume con cantigas galego-portuguesas indicando mesmo o nome dalgúns autores como o propio rei D. Alonso o Sabio. Sarmiento sabe entón que o códice toledano é tan só unha parte dun conxunto textual máis amplo e pluriautorial.

Cando Sarmiento realice, nos anos 40 e 50 do seu século, as súas decisivas viaxes a Galiza estará especialmente atento a redixir catálogos e coleccións de voces e expresións galegas ou ben tomadas directamente da

lingua oral galega do XVIII ou ben da lingua galega escrita dos séculos XIII, XIV ou XV. Neste segundo apartado, o da lingua escrita, aparecen perante os seus ollos textos literarios pero tamén textos non literarios, o que o leva a intuír unha historia dos usos do noso idioma fatalmente cambiada. Nesas súas viaxes a Galiza escudriña textos nos arquivos de Samos ou Celanova, no mosteiro de San Pedro de Tenorio, en San Martiño en Compostela, en Poio, en Santa Clara de Pontevedra ou no convento do Lérez. En varios dos seus escritos reflexionará sobre as causas que fixeron do galego unha lingua non escrita e instará a conservar, rexistrar, escribir e estudar o galego.

### IV

En moitos outros textos seus, aquí e acolá, Sarmiento vai xuntando noticias da literatura galega que coñece como querendo deixar establecida unha cadea de feitos que evidencian a existencia dunha literatura galega desde a época medieval aos seus días. Coñece tamén unha “Chronica” galega medieval, o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende (1516), cita a autores como Macías e Xoán Rodríguez de Padrón, leu as *Décimas ao Apóstolo Santiago* (1617) do



*“Martín Sarmiento, xa cumprira 30 anos cando sente o abraio e a emoción de ler unha parte fundamental daquela lírica medieval, en concreto as Cantigas de Santa María, as mesmas que había editar esplendidamente Walter Mettmann. O aglaio incrementouse ao constatar que todo un rei de Castela fora tamén un escritor en galego.”*



*“O Marqués de Santillana confírmalle ao noso monxe que ata había pouco tempo os trovadores, aínda sendo casteláns, andaluces ou extremeños, escribían os seus poemas en “lengua gallega, o portuguesa”*



abade de Urdilde Martín Torrado e coñecía, como moita xente, a obra literaria do Abade de Fruíme—autor de diversas composicións en galego, obra publicada a partir da morte do abade en 1777.

## V

Visto desde esta perspectiva, a figura de Sarmiento, mal e deficientemente coñecida e recoñecida, descubre a condición do galego como lingua literaria e escrita e senta as bases e algúns dos discursos do galeguismo que emerxerá no XIX vendo nel (pénsese en Pintos, Murguía ou Xosé Rodríguez Seoane) xustamente un precursor. Lástima que as súas investigacións e reflexións ficasen inéditas. Sirva en todo o caso este ano 2002 para tributar a homenaxe merecida que Sarmiento nos demanda, tamén como descubridor e cronista da nosa literatura.